



.....
Xornada

O Museo Carlos Maside

Un patrimonio cidadán

.....

Santiago de Compostela | Sada
27-28 de setembro de 2021



O Museo Carlos Maside (1970) é un dos proxectos creados ao abeiro do Laboratorio de Formas de Galicia, impulsado por Isaac Díaz Pardo, Luís Seoane e un grupo de intelectuais desde o exilio republicano en Buenos Aires. A fundación doMCM supuxo a recuperación da arte galega da vanguarda e a vontade por superar as fracturas do pasado recente dende a restitución da memoria histórica. O seu valor patrimonial, conformado, na súa orixe, polas doazóns dos fundadores, incrementouse cos legados de diversos exiliados, tamén de persoas e entidades interesadas no movemento renovador da arte galega a partir do seu primeiro referente, A. R. Castelao.

Os contidos e a museografía do MCM foron variando minimamente dende o traslado da colección permanente, en 1982, ao edificio actual de Andrés Fernández-Albalat en O Castro, Sada. Nel proponse un percorrido preciso, coas pezas de Castelao e do Movemento Renovador na planta baixa, autores e movementos dende a Guerra Civil ata a actualidade na planta intermedia, e unha última sala na planta alta dedicada ao debuxo humorístico e a banda deseñada. O propio Díaz Pardo supervisou a última instalación da colección, organizando as salas, a museografía, e historiando o relato da nosa arte nas cartelas e textos que áinda permanecen no espazo.

O actual estado do patrimonio material e inmaterial do MCM reclama da sociedade civil, das administracións públicas, do eido da cultura e da comunidade académica un traballo de coidado e crítica que axude decisivamente a protexelo. Estas xornadas abordan o baleiro legal, intereses, desintereses e outros aspectos que complican a protección e conservación do importante patrimonio que custodia.

Sesión 1

O Museo Maside: un patrimonio cidadán

Luns 27 de setembro. Consello da Cultura Galega, Santiago de Compostela

9:15 horas
PRESENTACIÓN

9:30-11:30 horas
PANEL 1

*OS FUTUROS DO MUSEO MASIDE:
PERSPECTIVAS LEGAIS,
PATRIMONIAIS E INSTITUCIONAIS.*

- **Anxo Lorenzo**. (Secretario Xeral de Cultura da Xunta de Galicia).
- **Patricia Gabeiras** (avogada especialista en derecho da cultura): *Fisuras legais para a protección pública do MCM*
- **Felipe Senén** (museólogo e colaborador do Laboratorio de Formas de Galicia): *Por que debe ser BIC o MCM?*

Intervén e modera: **Xavier Ferreira Fernández** (profesor de derecho administrativo, USC): Os futuros do MCM.

DEBATE

11:30-12:00 h.
PAUSA DE CAFÉ

12:00-14:00 horas
PANEL 2

A IMPORTANCIA DUN MUSEO DA POSGUERRA E O EXILIO.

- **María Dolores Jiménez-Blanco** (Directora General de Bellas Artes, Ministerio de Cultura): *Galicia no «campo cerrado» da posguerra.*
- **Rosario Peiró** (Directora da Área de Coleccións, Museo Reina Sofía): *A importancia do exilio e da posguerra na colección permanente do MNCARS.*
- **Inmaculada Real López** (profesora do Departamento de Historia da Arte, UniZar): *O MCM na rede mundial de Museos do exilio.*

Intervén e modera: **María Antonia Pérez Rodríguez** (profesora do Departamento de Humanidades, UDC): *O MCM pensado dende o exilio.*

DEBATE

*Inscrição aberta en consellodacultura.gal. O acto será retransmitido en streaming no sitio web consellodacultura.gal, onde permanecerá para consultas futuras.

Sesión 2

O Museo Carlos Maside: utopía e realidade

Luns 27 de setembro. Centro de Estudos Avanzados, USC, Santiago de Compostela



16:30 – 18:30 horas

PANEL 3

*O MUSEO CARLOS MASIDE: UTOPIÁ
E REALIDADE (1)*

Presenta: Germán Labrador Méndez

- **Xosé Díaz Arias:** *O MCM. Un proxecto museístico do Laboratorio de Formas.*
- **Guillermo Escrigas:** *O MCM. Unha realidade (xurídica) imaxinada.*
- **Iria-Friné Rivera Vázquez:** *O MCM. Identidade galega e aportación intelectual nunha producción industrial para a cidadanía.*
- **Anxo Rabuñal:** *Experimentos no Laboratorio.*
- **Carmela Montero:** *Apúntao na barra de xeo. Por que non escribe o BIC para o Maside? Importa?*
- **Xurxo Ayán:** *Museu, Pobo, Galego, Maside.*

DEBATE

Modera: Agar Ledo Arias

18:30-19:00 horas

PAUSA DE CAFÉ

19:00 – 21:00 horas

PANEL 4

*O MUSEO CARLOS MASIDE: UTOPIÁ
E REALIDADE (2)*

Presenta: Germán Labrador Méndez

- **Charo Portela:** *En defensa das industrias da memoria.*
- **María América Díaz:** *Orixes do MCM: da necesidade á realidade.*
- **Manuel Pérez Lorenzo:** *O MCM. Identidade e vanguarda desde Sada.*
- **Sabela López Pato:** *A mirada atlántica na museoloxía galega.*
- **Daniel López Abel:** *Matrimonializar o Laboratorio de Formas.*
- **Daniel Lanero:** *Galicia, anos 70: unha sociedade en ebulición?*

DEBATE

Modera: Miguel Anxo Rodríguez

*O espazo desta xornada é limitado, polo que é preciso inscribirse previamente a través do correo electrónico xornadasmuseocarlosmaside@gmail.com

Sesión 3

Xornada participativa. O Museo Carlos Maside: comunidades e vínculo.

Martes 28 de setembro. Biblioteca, Casa da Cultura de Sada

**16:00 – 18:00 horas
XORNADA PARTICIPATIVA**

O MUSEO CARLOS MASIDE: COMUNIDADES E VÍNCULO

Presenta e modera: Fran Quiroga

Espazo participativo aberto a toda a
ciudadanía co que procuramos
coñecer o vinculo que a veciñanza de
Sada ten co Museo Carlos Maside. Á
vez a abriremos un debate sobre
como debería ser un novo museo de
arte contemporánea na vila.
Usaremos metodoloxías da
participación social para xerar un
lugar cómodo para unha conversa
pausada.

**18:00-18:30 horas
PAUSA DE CAFÉ**

18:30 – 19:00 horas
CONCLUSIÓNS: *O MUSEO QUE VÉN: CONSTRUIR UN FUTURO PARA O MUSEO CARLOS MASIDE.*

*O formato será participativo e o espazo limitado, polo que é preciso inscribirse previamente a través do correo electrónico cultura@sada.gal

Dirección

Germán Labrador Méndez (Princeton University)

Miguel Anxo Rodríguez (USC)

Agar Ledo Arias (Comisión de Xestión e Políticas Culturais do CCG)

Fran Quiroga (Concomitentes/USC)

Dolores Vilavedra (secretaria do CCG/USC)

Organiza

Universidade de Santiago de Compostela

Concello de Sada

Consello da Cultura Galega

Colabora

Deputación da Coruña

HAAYDU Grupo de Investigación Historia da Arte, da Arquitectura e do Urbanismo da USC (Programa de consolidación e estruturación de unidades de investigación competitivas do SUG. Grupos con potencial de crecimiento ED431B 2020/41)

HISTAGRA Grupo de investigación Historia Agraria e Política do Mundo Rural da USC (Axudas á Consolidación e estruturación 2018, GRC GI-1371)

TLLC Grupo Teoría da literatura e Literatura comparada da USC (Plan Galego ED431C 2021/34)

Lugar

Consello da Cultura Galega

Pazo de Raxoi, 2º Andar

15705 Santiago de Compostela

Centro de Estudios Avanzados - USC

Parque de Vista Alegre

Rúa Salvadas s/n

15705 Santiago de Compostela

Casa da Cultura "Pintor Llorens"

Avenida do Porto

15160 Sada



Colabora:

